
















GLOSARIO




| | | |
|---|---|--|
| A | <p>Anticlinal</p>  | <p>Definición: Parte convexa dun pregamento.</p> <p>Exemplo: Un anticlinal, elévase como a crista dunha onda.</p> |
| | <p>Cartografía</p>  | <p>Definición: Arte e técnica que se encarga de realizar os mapas cos que poder representar a superficie da Terra.</p> <p>Exemplo: A cartografía está especializada na creación de mapas.</p> |
| C | <p>Castro</p>  | <p>Definición: Poboado fortificado con casas redondas ou cadradas, característico da prehistoria de Galicia.</p> <p>Exemplo: O de Baroña é un dos castros máis importantes de Galicia.</p> |
| | <p>Cono volcánico</p>  | <p>Definición: Un cono volcánico é una formación volcánica que está orixinado polas sucesivas saídas ao exterior de lava. Estas emisións acumúlanse formando un cono que usualmente ten un cráter central.</p> <p>Exemplo: O cono do Teide é a montaña máis alta de España.</p> |
| | <p>Coordenadas xeográficas</p>  | <p>Definición: Forma de localizar calquera lugar da superficie terrestre na rede xeográfica mediante a intersección dun paralelo, que nos sinala a latitude, e un meridiano que sinala a lonxitude.</p> <p>Exemplo: Podemos atopar unha persoa en calquera punto da superficie terrestre sabendo a súa latitude e a súa lonxitude.</p> |
| | <p>Cráter</p>  | <p>Definición: Depresión circular causada por actividade volcánica. Situado normalmente no cumio dos volcáns, é a boca por onde sae o magma ao exterior.</p> <p>Exemplo: Polo cráter do volcán saía a lava e a cinza.</p> |




| | | |
|---|--|---|
| E | <p>Epicentro</p>  | <p>Definición: Punto da superficie da Terra situado na vertical do hipocentro.</p> <p>Exemplo: A destrución das casas no epicentro do terremoto foi total.</p> |
| | <p>Equinoccio</p>  | <p>Definición: Cada un dos momentos anuais no que, por atoparse o Sol sobre o Ecuador, o día e a noite teñen a mesma duración.</p> <p>Exemplo: Nos equinoccios empezan o outono e a primavera.</p> |
| | <p>Erosión</p>  | <p>Definición: Desgaste que padece a superficie da Terra pola acción das forzas naturais.</p> <p>Exemplo: A erosión fai que as montañas antigas se desgasten e sexan máis baixas.</p> |
| | <p>Escala</p>  | <p>Definición: Relación ou proporción existente entre o tamaño real dun espazo e a súa representación no mapa.</p> <p>Exemplo: O plano dunha cidade ten unha escala moi grande, por iso contén moita información.</p> |
| F | <p>Falla</p>  | <p>Definición: Rotura dunha superficie nun ou máis bloques desnivelados.</p> <p>Exemplo: Ao producírense as fallas aparecen con frecuencia terremotos.</p> |
| | <p>Fusos horarios</p>  | <p>Definición: Cada unha das 24 partes nas que se divide a Terra e que teñen o mesmo horario.</p> <p>Exemplo: Cun mapa dos fusos horarios podemos saber a hora de calquera país do mundo.</p> |
| G | <p>GPS</p>  | <p>Definición: O Sistema de Posicionamento Global (GPS; en inglés: Global Positioning System), orixinalmente Navstar GPS, é un sistema que permite a un dispositivo receptor localizar a súa propia posición sobre a Terra cunha precisión de ata centímetros.</p> <p>Exemplo: O GPS do coche permítenos chegar a calquera punto sen perdernos.</p> |

| | | |
|---|--|---|
| | <p>Guía de viaxe</p>  | <p>Definición: É un documento para os viaxeiros e viaxeiras que proporciona detalles sobre un destino turístico ou un itinerario.</p> <p>Exemplo: Unha boa guía é fundamental para preparar unha viaxe.</p> |
| H | <p>Hipocentro</p>  | <p>Definición: Lugar no interior da Terra onde se orixina o terremoto.</p> <p>Exemplo: O hipocentro do terremoto estaba a seis quilómetros de profundidade.</p> |
| | <p>Latitude</p>  | <p>Definición: É a distancia angular (medida en graos) dun punto da Terra ao Ecuador. Vai de 0° (no propio Ecuador) a 90° (nos Polos), e pode ser N. ou S.</p> <p>Ejemplo: Galicia atópase na latitude Norte.</p> |
| | <p>Leito dun río</p>  | <p>Definición: Terreo por onde circula a auga dun río.</p> <p>Exemplo: O leito do río desbordouse pola enchente.</p> |
| L | <p>Lenda</p>  | <p>Definición: Explica o significado dos símbolos e cores dun mapa.</p> <p>Exemplo: Segundo a lenda do mapa a cor gris representa aos países dos que non se teñen datos.</p> |
| | <p>Litosfera</p>  | <p>Definición: Capa máis sólida e superficial do planeta Terra, é dicir, a máis rixida e externa de todas. Está formada pola codia terrestre e a capa superior do manto terrestre.</p> <p>Exemplo: Os bloques fracturados da litosfera orixinan as placas tectónicas.</p> |
| | <p>Lonxitude</p>  | <p>Definición: É a distancia angular (medida en graos) dun punto da Terra ao meridiano de Greenwich. Vai de 0° (no meridiano de Greenwich) a 180° e hai que indicar se é E. ou O.</p> <p>Exemplo: China, respecto a nós, atópase na lonxitude Leste.</p> |

| | | |
|---|---|---|
| M | <p>Magma</p>  | <p>Definición: Rocha fundida acumulada no interior da Terra, lava.</p> <p>Exemplo: O magma saía polo cráter a elevada temperatura.</p> |
| | <p>Mapa</p>  | <p>Definición: Un mapa é unha representación sinxela da superficie terrestre sobre un plano conforme a unha escala e a un modo de proxección.</p> <p>Exemplo: O da imaxe é un mapa físico.</p> |
| | <p>Maremoto</p>  | <p>Definición: Ondas de gran tamaño que se orixinan por bruscas sacudidas do fondo mariño.</p> <p>Exemplo: O maremoto arrasou totalmente coas casas da beira do mar.</p> |
| | <p>Meridianos</p>  | <p>Definición: Semicírculos imaxinarios que se dispoñen de Polo Norte a Polo Sur.</p> <p>Exemplo: Cos meridianos podemos determinar a lonxitude.</p> |
| O | <p>ODS</p>  | <p>Definición: Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) son uns acordos da ONU de 2015 que deben ser acadados en 2030 e que pretenden obter unha resposta de todo o planeta fronte á crecente pobreza, para empoderar ás mulleres e nenas, e para facer fronte á emerxencia climática.</p> <p>Exemplo: Cando se cumplan os 17 obxectivos todos viviremos nun mundo moito mellor.</p> |
| | <p>Oroxénese</p>  | <p>Definición: Proceso xeolóxico que orixina a formación de montañas e cordilleiras na superficie terrestre.</p> <p>Exemplo: O Himalaia formouse por un proceso de oroxénese.</p> |
| P | <p>Paralelos</p>  | <p>Definición: Liñas imaxinarias que van de Este a Oeste e que son paralelas ao Ecuador.</p> <p>Exemplo: Cos paralelos podemos determinar a latitude.</p> |

| | | |
|---|--|--|
| P | Perfil topográfico  | Definición: Representación do relevo do terreo que se obtén cortando transversalmente as liñas do mapa topográfico. Exemplo: O perfil deste relevo parece unha serra. |
| | Placa tectónica  | Definición: Cada un dos distintos fragmentos nos que se divide a litosfera terrestre. Exemplo: O choque das placas tectónicas produce terremotos e volcáns. |
| | Plano da eclíptica  | Definición: Visto dende a Terra, é o camiño aparente seguido polo Sol sobre a esfera celeste ao longo do ano. Ejemplos: O plano da eclíptica forma un ángulo de 23° e 37' co eixo da Terra. |
| | Pregamento  | Definición: Ondulación dun estrato rochoso de amplitude e formas variables. Exemplo: Nun pregamento os materiais dobran, nunha falla rompen e desnívelanse. |
| | Proxección  | Definición: Método de representación da superficie da Terra sobre un plano que limita as distorsións que afectan ás áreas, ás distancias, ás formas... Exemplo: A proxección acimutal amosa a Terra vista dende arriba. |
| | Puntos cardinais  | Definición: Sentidos ou direccións que serven para situarnos nun lugar no mapa. Os puntos son Norte (N.), Sur (S.) Leste (L.) e Oeste (O.) Exemplo: Coa rosa dos ventos podemos identificar os puntos cardinais. |
| R | Relevo  | Definición: Conxunto de formas que presenta a superficie terrestre, tanto nos continentes como baixo os océanos. Exemplo: Unha montaña é unha das formas do relevo continental. |

| | | |
|---|--|--|
| S | <p>Rotación</p>  | <p>Definición: Xiro da Terra sobre o seu propio eixe. Dura 24 horas.</p> <p>Exemplo: Se a Terra non tivera un movemento de rotación, non habería alternancia día-noite.</p> |
| | <p>Sedimentación</p>  | <p>Definición: Proceso polo que se depositan os materiais previamente erosionados e transportados.</p> <p>Exemplos: A sedimentación dos materiais arrastrados polos ríos nas súas desembocaduras pode crear deltas.</p> |
| | <p>Sinclinal</p> <p>FORMA DE CUBETA SINCLINAL</p>  | <p>Definición: Parte cóncava dun pregamento.</p> <p>Exemplo: Un sinclinal, coa súa forma de “u” é a parte deprimida dun pregamento.</p> |
| | <p>Sistema de información Xeográfica</p>  | <p>Definición: Un Sistema de Información Xeográfica, tamén habitualmente citado como GIS (Geographical Information System), é un contorno para recopilar, xestionar e analizar datos.</p> <p>Exemplo: Un SIG pode facer mapas con varias capas de información.</p> |
| | <p>Solsticio</p>  | <p>Definición: Ao longo do ano, cada un dos momentos no que o Sol se sitúa sobre un dos dous trópicos e nos que a diferenza entre a duración do día e da noite é maior.</p> <p>Exemplo: Nos solsticios comezan o verán e o inverno.</p> |
| T | <p>Terremoto</p>  | <p>Definición: Sacudida violenta da codia e o manto terrestres, ocasionada por forzas que actúan no interior da Terra.</p> <p>Exemplo: O terremoto, aínda que se produciu a 6 quilómetros de profundidade, afectou moito aos edificios.</p> |
| | <p>Translación</p>  | <p>Definición: Desprazamento da Terra arredor do sol. Dura 365 día e 6 horas.</p> <p>Exemplo: Sen translación non cambiaríamos de estacións ao longo do ano.</p> |

| | | |
|---|---|---|
| V | <p>Viaduto</p>  | <p>Definición: Ponte co que unha estrada ou vía férrea salva un terreo máis fondo.</p> <p>Exemplo: O viaduto que atravesa o val permite aforrar moito tempo de viaxe.</p> |
| | <p>Xeografía</p>  | <p>Definición: Ciencia que estuda a Terra (xeo: terra; grafía: descrición).</p> <p>Exemplo: Estudar xeografía permíteche coñecer como é a Terra.</p> |
| X | <p>Xeoide</p>  | <p>Definición: Forma case esférica. Forma da Terra.</p> <p>Exemplo: A superficie da Terra está achatada polos polos e presenta deformacións na súa superficie; por eso, a forma non é a dunha esfera, senón a dun xeoide.</p> |

